



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES RURAIS

Con ocasión da conmemoración do 15 de outubro, Día Internacional das Mulleres Rurais, o Concello de Santiago de Compostela súmase ás voces que chaman á reflexión en torno ao papel das mulleres no medio rural e que urxen a adoptar medidas apropiadas para garantir unha mellora na situación das mulleres nas zonas rurais.

O concello de Santiago de Compostela componse de 29 parroquias nun territorio que se estende 223 km². As mulleres rurais teñen menos acceso normalmente aos servizos básicos e as opcións de benestar dos espazos urbanos.

O peso das mulleres no rural galego continúa sendo fundamental tanto como traballadoras da terra como de coidadoras das crianzas e as persoas dependentes. As mulleres viven e viviron sempre para os demais. Ademais, padecen de forma especial o machismo pois á dominación habitual súmaselle a importante carga de responsabilidades e a propia invisibilidade e a presenza moito mais limitada das mesmas na vida social e política.

Nun momento como o actual, no que a irrupción da COVID-19 xerou unha crise histórica a nivel sanitario, económico e social é necesario reorientar a estratexia de país e resulta inaprazable acordar unha folla de ruta que asegure o desenvolvemento de medidas dirixidas a implementar, nuns casos, e protexer, noutros, a transversalidade de xénero. Unha estratexia que reverta a tendencia ao desmantelamento dos servizos e infraestruturas esenciais do rural.

Unha situación que, novamente, puxo de manifesto a desigualdade que viven os territorios menos poboados, na que os datos reflicten unha situación tan desequilibrada como descorazonadora e que revela que, a pesar dos avances legislativos en materia de igualdade de xénero, é preciso resolver as dificultades reais ás que fan fronte as mulleres no medio rural, condicionando a economía, a estabilidade e a dimensión social do noso país.



O despoboamento e a igualdade de xénero no ámbito rural deben estar no centro da axenda política. Ter un medio rural vivo, é un ben para o conxunto da sociedade, e iso so será posible se as mulleres teñen un espazo propio no que desenvolver o seu proxecto vital. A loita contra o despoboamento, a mellora do tecido económico, a sostibilidade, a preservación do entorno e da cultura non serán posibles, se non contamos coas mulleres rurais na estratexia de desenvolvemento ligada ao decenio da agricultura familiar; tamén o plan contra o despoboamento que debe ter en conta as necesidades das mulleres rurais. A economía verde, a economía circular e as políticas ligadas ao medio ambiente son tamén unha oportunidade.

A data de hoxe, sabemos que máis do 87% da poboación española se concentra no 16,5% dos municipios, tendo en conta que máis de 6.800 concellos contan con menos de 5.000 habitantes, segundo as bases de datos de Entidades Locais/FEMP. A falta de oportunidades laborais ou de acceso a postos de liderado e de toma de decisións e os obstáculos para facer uso de servizos esenciais condicionan o equilibrio da vida de miles de mulleres que reclaman unha sociedade madura, libre e xusta, con pleno recoñecemento aos seus dereitos e liberdades.

A España rural segue sendo unha España de homes. A masculinización á que está sometida a poboación que habita máis do 83% dos municipios é o mellor indicador para tomar conciencia da desigualdade, a vulnerabilidade e a invisibilidade que sofren as mulleres, así como o principal obstáculo para a sustentabilidade das áreas rurais.

Unha invisibilidade máis acrecentada, se cabe, cando se trata do colectivo LGTBI. De aí a necesidade dunha maior visibilización e dun total apoio a todas as formas de ser muller no rural: lesbianas, bisexuais, ou trans.

No caso galego, ao despoboamento únese o envellecemento e a dispersión territorial, factores que provocan que os servizos sexan máis caros e que a súa carencia sexa unha dificultade acrecentada, de maneira especial para a conciliación e a vida das mulleres.

No que ao Concello de Santiago se refire, a importancia do seu valor patrimonial e da cidade histórica eclipsou un rural moi amplo e diverso, tamén cun patrimonio moi rico e enormes potencialidades no que a turismo verde se refire. O rural compostelán presenta numerosas carencias e falta de servizos básicos que a veciñanza e as súas asociación levan trasladado desde hai tempo para que sexan tamén centro das políticas municipais. E hoxe eses servizos non son unicamente o saneamento e abastecemento senón tamén a fibra óptica e acceso a Internet. Abordar estes retos debe ser, pois, un compromiso desta institución. E cabe lembrar tamén que tanto no Concello como na comarca hai numerosas labregas e (co)titulares de explotación que teñen na Praza ou nos mercados (como o Lusco-Fusco) a súa principal alternativa económica.

O empoderamento das mulleres e das nenas que habitan o medio rural é clave para o logro da Declaración e a Plataforma de Acción de Beijing, da Axenda 2030 para o Desenvolvemento sustentable e dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable contidos nela. Esta é a folia de ruta cara a un futuro que asegure o dereito á terra, á alimentación e a nutrición de calidade e en cantidade suficientes, a vivir libre de toda forma de violencia e discriminación, ao acceso á saúde e á educación, a elixir e a ser elixible.

A pesar de todas estas enormes desigualdades e dificultades, desde o Concello de Santiago vimos demostrando responsabilidade de Estado no noso compromiso inequívoco de servizo á cidadanía, na nosa defensa dos valores constitucionais e no noso empeño en avanzar mediante políticas locais de igualdade cara a un futuro limpo de inxustiza social.

Por todo iso:

- Adherímonos á Declaración da FEMP con motivo do Día Internacional das Mulleres Rurais, e sumámonos a todas as voces que claman por un futuro en igualdade.
- Recoñecemos o papel esencial das mulleres para asentir a poboación, para loitar contra o envellecemento dos nosos pobos e defendemos o seu visibilización e empoderamento como estratexia para o cambio social, económico e cultural necesario para a construción dun futuro en igualdade.

- Comprometémonos a continuar traballando na promoción de actuacións, programas e estratexias dirixidas a garantir oportunidades laborais e facilitar medidas de conciliación e corresponsabilidade que permitan o seu pleno desenvolvemento persoal, familiar e laboral.
- Reafirmamos o noso compromiso coa inclusión da perspectiva de xénero en todas as políticas locais e apostamos polo incremento de mulleres en postos de toma de decisións en todos os ámbitos, incluíndo o nivel político e na actividade económica do medio rural.
- Ratificamos a importancia da coordinación e do intercambio de iniciativas como medio para detectar e transferir novas actividades dirixidas a erradicar as actitudes e comportamentos que reproducen e perpetúan a desigualdade e reclamamos maiores recursos para garantir a igualdade entre territorios, con independencia da súa poboación.
- Comprometémonos a facer realidade as reclamacións que desde a FERUSA se veñen efectuando e a situar as políticas de desenvolvemento do medio rural no centro das nosas políticas.
- Lembramos que non son posibles as políticas de igualdade sen os Concellos e recoñecemos o insubstituíble labor realizado por todas as Entidades locais.
- Por último, reivindicamos a necesidade de garantir o financiamento suficiente para levar a cabo as competencias en materia de igualdade e asegurar a implementación de todas as iniciativas necesarias para garantir a igualdade efectiva das persoas en todos os municipios españois.

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2020